



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 25
MARZO 2021

Auditorio de Galicia, 20.00 h

A CANCIÓN DA TERRA

Paul Daniel, director

Marina Pardo, mezzosoprano

Andeka Gorrotxategi, tenor

PROGRAMA

Antón Alcalde (1992)

Un ollo de vidro*

Abertura dramática a unha historia incerta

Vida - Máis alá da vida

Danza entre caveiras, ósos e un ollo de vidro

Gustav Mahler (1860-1911)

A canción da Terra (orq. I. Farrington)

A canción báquica da miseria terreal

O solitario en outono

Da mocidade

Da beleza

O ebrio na primavera.

A despedida

Marina Pardo, mezzosoprano

Andeka Gorrotxategi, tenor

* Obra encargo RFG. Estrea absoluta

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 20 minutos (sen pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)

Adriana Winkler
(axuda de concertino)

Anca Smeu **

Daniel Kordubaylo

Yulia Petrushevskaya

Michal Ryczel

Victoria Jurov

Ilya Fisher

Anna Alexandrova

Claudio Guridi

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Irina Gruia

Elina Viksne

Kiyoko Ohashi

Gyula Vadaszi

Enrique Roca

Helena Sengelow

Samira Ajikic

VIOLAS
Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Oxana Bakulina

Anne Schlossmacher

Ionela Ciobotaru

Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Millán Abeledo

Thomas Piel

Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS
Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES
Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES
Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES
Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

TROMBÓN
Arturo Centelles (R)

TIMBAL
José Vicente Faus *

PERCUSIÓN
Darío González (R)
M^o Isabel Diego (R)

ARPA
Bleuenn Le Fric (R)

CELESTA
Simona Kantcheva (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

PAUL DANIEL

DIRECTOR

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta,

Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

MARINA PARDO

MEZZOSOPRANO

Titulada polo Conservatorio de Oviedo e a Escuela Superior de Canto de Madrid na cátedra de Pilar Pérez-Íñigo e Julio Alexis Muñoz, é seleccionada en 1994 por Alfredo Kraus para perfeccionar os seus estudos na Escuela Superior de Música Reina Sofía de Madrid. Ese mesmo ano concédeselle o 1º Premio no II Festival Lírico de Callosa d'En Sarriá, outorgado por Elena Obratzsova e Ana Luisa Chova. Tamén ostenta a 1ª clasificación feminina no VI Concurso Internacional Francisco Alonso e a Medalla de Prata ao Mérito Artístico de Juventudes Musicales de Santander. Ten ofrecido numerosos recitais coa súa pianista habitual, Kennedy Moretti, destacando o *Winterreise* no Auditorio Nacional. En 2003 gravou *The Caterpillar*, *Albéniz songs* (Deutsche Grammophon) xunto á pianista Rosa Torres Pardo.

Dentro da música sinfónica ten cantado baixo as batutas de Zedda, Valdés, García Asensio, Heltay, Encinar, Rilling, Levine, Ortega, Albiach, Brouwer, Frühbeck de Burgos, López Cobos, Ros Marbà, Herbig e Steinberg. Debutou no Campoamor con *Alexander Nevski* de Prokófiev. Entre o seu repertorio destaca *A canción da Terra* de Mahler, *Rapsodia para alto* de Brahms, *Wesendonk Lieder* de Wagner ou *Poema do amor e do mar* de Chausson.

Ten interpretado o rol de a Avoa en *La vida breve* de Falla en xiras coa ONE, ORTVE, Filharmónica de Nova York, Filharmónica de Israel, Filhamónica de Dresde, ROSS e Nacional Danesa; cos mestres Pons, Halffter, Ros Marbà e Frühbeck de Burgos; en salas como a Konzerthaus de Viena, Avery Fischer Hall no Lincoln Center de Nova York ou a Mare Palatui de Bucarest.

Fai as súas primeiras incursións na música antiga da man de Eduardo López Banzo con *Al Ayre Español* nos festivais europeos máis prestixiosos do xénero (Herne, Utrecht, Libramont, Schleswig-Holstein, Sociedade Filharmónica de Bruxelas...), representando as zarzuelas barrocas *Acis e Galatea* e *Xúpiter e Semele* de Liteses e gravándoas para Harmonia Mundi, disco polo que reciben o Premio Nacional de Música 2005. Posteriormente prodígase con *Le tendre amour* coa Real Compañía Ópera de Cámara (con outras dúas gravacións para o selo K612) e tamén co viuelista Juan Carlos de Mulder, con quen forma dúo desde hai máis de dez anos.

No campo da ópera e a zarzuela ten intervindo en numerosas producións como *As vodas de Fígaro*, *A valquiria*, *Carmen*, *La Traviata*, *A fruta máxica*, *O*

barbeiro de Sevilla, Lucía de Lammermoor, *Otello, Tancredi, Rigoletto, O neno e os sortilexios, Manon, Elektra, A violación de Lucrecia, La Verbena de la Paloma, Doña Francisquita, A muller sen sombra, O pequeno deshollinador, Eugen Onegin, A somnámbula...*; baixo a dirección escénica de Sagi, Iturri, García, Poda, Bollaín, Guti, Rodríguez Aragón, Portacelli, Plaza, Pontigia, Kemp, López, Font (Els Comediants), García, Palés, Lavelli, Joel, Pizzi, Ichikawa... na práctica totalidade das temporadas operísticas nacionais así como no Carlo Felice de Xénova ou a Ópera de Philadelphia.

Debido ao seu grande interese e compromiso coa música contemporánea, ten sido requirida para participar en estreas de diversas obras como as óperas *La Tarasca* de Martín Pompey, *Fuenteovejuna* de Jorge Muñiz, a ópera de cámara para mezzosoprano e actor *El respirar de las estatuas* de Juan Manuel Artero xunto ao actor José Luis Gómez, o *Réquiem* de García Román, a ópera de cámara *Pensares de Rocinante* de José Buenagu ou *Viento oscuro del mar* de César Camarero. E teñen sido moitos os compositores que escribiron expresamente para ela como Cristóbal Halfter (rol de Marta na ópera *Lázaro*), Antonio Noguera Guinovart (*Tres nanas para mezzosoprano e piano*), Juan Manuel Artero (*Sobre lo inútil perpetuo*), Miquel

Ortega (rol de Magdalena na ópera *La casa de Bernarda Alba* e a canción *Romance sonámbulo*), Miguel Franco (*Sonetos de El Quijote*), César Camarero (*Pequeño teatro de otro mundo*). Tamén ten interpretado *Canciones de Amor y de Olvido* de Miguel Franco, *Canciones Al-Andalus* de C. Halfter (gravadas para Verso), *Canciones de Amor y Vida* de José María Gallardo e *La Sequenza* e as *Folk Songs* de Berio. Todo isto con destacados pianistas e agrupacións como Quantum Ensemble, Leipzig Quartet, Koan 2, Grup Instrumental de Valencia, Bartomeu Jaume, Gustavo Díaz-Jerez e Antonio Ortiz.

Cómpre salientar a súa interpretación de Federico García Lorca na ópera *Ainadamar* de Osvaldo Golijov, pola que ten sido reclamada, trala súa estrea en España, na Ópera de Philadelphia ou no Cesis Festival en Letonia.

ANDEKA GORROTXATEGI

TENOR

A crítica máis autorizada considérao o tenor máis sobresaínte saído do País Vasco nos últimos cincuenta anos e, para moitos, é o novo Franco Corelli, polo seu repertorio de lírico-spinto e a súa bela e bronceína voz, que o ten levado a prestixiosos escenarios de todo o mundo. Nacido en Abadiño, Biscaia, comeza a súa formación vocal no Conservatorio de Durango para posteriormente desprazarse a Bilbao, Madrid, Marsella, París, Roma e EEUU; onde desenvolve unha ampla formación vocal con mestres como Agurtzane Mentxaka, Ana Begoña Hernández, Francisco Ortiz, Elisabetta Fiorillo ou Francisco Casanova.

Nos seus inicios operísticos foi considerado o tenor revelación español. Na actualidade, Gorrotxategi, tras 7 anos consolidando a súa carreira e estreando títulos, a crítica vólveo a eloxiar, tras a súa estrea como Gabriele en *Simón Boccanegra*, como o "tenor ideal", "de voz valente e luminosa".

Gañou varios concursos como o Jaime Aragall ou o Manuel Ausensi, pero foi o debut como Pinkerton en *Madama Butterfly* en Novara 2011 o que impulsou a súa carreira vertixinosamente e o levou a actuar nalgúns dos teatros e auditorios

máis importantes como a Ópera de Roma, Ópera de Laussane, Teatro Real de Madrid, Teatro Felsenreitschule en Salzburgo, Teatro San Carlo de Nápoles, Teatro Bellas Artes de la Ciudad de México, Ópera de Sidney, Semperoper de Dresde, Ópera de Montecarlo e National Centre for the Performing Arts en Beijing, entre outros.

Cómpre destacar o seu interese polo xénero lírico español, sendo cantante habitual no Teatro de la Zarzuela de Madrid, onde nas últimas temporadas participou en *Curro Vargas* (Curro), *El gato Montés* (Rafael) ou *La villana* (Don Fabrique), e onde proximamente actuará en *María del Pilar* e *El Caserío*. Traballou con prestixiosos directores de orquestra como Zubin Metha, Roberto Abbado, Miguel Ángel Gómez Martínez, Jesús López Cobos, Stefano Ranzani, Danielle Callegari, Guillermo García Calvo, Renato Palumbo ou Óliver Díaz, entre outros.

O seu repertorio inclúe algúns dos principais roles escritos para tenor como *Carmen* (Don José), *Tosca* (Cavaradossi), *Attila* (Foresto), *A moza do oeste* (Dick Jonhson), *Os bandidos* (Carlo) ou *O trobador* (Manrico). Proximamente debutará en *Turandot*, *Aida* e *La Bohème*.

Antón Alcalde (1992)

Nado en Rianxo en 1992, Antón Alcalde é un compositor, editor e relator afincado en Taiwán. A súa obra foi estreada e interpretada en máis de 30 países, desde Norte América ata Oceanía, pasando por Sur América, Europa e Asia. Obtivo encargos de importantes organizacións e solistas nacionais e internacionais como Consello da Cultura Galega, Certamen Internacional de Bandas 'Vila de la Sènia', Bevers Harmonieorkest, Izumo Symphonic Band Enishi, Festival de Cine 'Curtocircuíto', Real Filharmonía de Galicia, Hércules Brass e os solistas Alexandre Doisy, Roberto Oliveira e Hiroko Yamakawa entre outros. Con 13 anos, a súa obra *Concertino para solotimbais* foi estreada polos estudantes de Nick Woud no Conservatorio Superior de Música de Ámsterdam (2015) e aos 15, gaña o primeiro premio no II Concurso de Composición Iberoamericano para Banda, obtendo tamén o primeiro premio en todas as categorías do II Concurso Galego de Composición para Banda, repetindo galardón ata en 5 ocasións consecutivas, incluíndo a terceira e cuarta edición do concurso (2010 e 2011 respectivamente), sendo o compositor máis novo en recibir o galardón. Obtén unha medalla de prata e dúas de bronce simultáneas nos Global Music Awards (San Diego, California) e recibe dúas nominacións

aos Hollywood Music in Media Awards (Os Ánxeles, California). No 2016 estrea a obra electroacústica *Holograms* a cargo de Roberto Oliveira, no Extravaganza Percussion Festival na Real Academia de Música de Irlanda (Dublín) e no 2017, é seleccionado como compositor residente no prestixioso programa da ArtsIceland Institute de Islandia. En 2019 gaña o premio Francisco Guerrero Marín no XXX Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM coa súa obra *Firefly -after Tokyo Blues-*, estreada da man do ensemble Koen 2, dirixidos por José Ramón Encinar. En abril do 2020, a súa obra *Sculptures in Brass* é seleccionada polo seminario Juilliard Brass Quintet, impartido polo prestixioso quinteto de metais American Brass Quintet (Nova York). Dende o 2016 e baixo o selo Aalcalde Music, vén desenvolvendo o seu propio proxecto editorial. Forma parte da Asociación Galega de Compositores dende o ano 2011.

"Un ollo de vidro toma o seu título do relato curto homónimo escrito por Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, publicado na editorial Céltiga en 1922. Castelao describe, desde unha perspectiva en primeira persoa, unha historia macabra, humorista e irónica co máis aló como fondo. Cada personaxe no relato describe un membro de cada categoría social da época, filtrados desde un prisma crítico e satírico. O rango social

define a súa preponderancia polo diñeiro, que é o elemento que dá e quita o poder, pero que no mundo do 'máis aló' resulta completamente estéril. Así, a morte termina por igualar á criada e ao cacique, ao rico home de negocios a á rapaza que morre por amor. Esta obra non pretende describir os textos programaticamente, a idea detrás da música é principalmente metafórica, achegándose aos textos desde unha perspectiva persoal e sintetizada. Cada un dos movementos son (re) elaborados con materiais preexistentes, materiais vinculados ao 'máis aló' ou á morte mesma. Desde os catro primeiros sons da parte de violín so no segundo movemento da *Cuarta Sinfonía* de Mahler (1901) ao himno medieval latino *Dies Irae* (s. XIII), desde os tres primeiros sons do primeiro tema en *Danse Macabre* de Saint-Saëns (1874) á perenne pregunta da existencia de *Unanswered Question* de Ives (1908); xunto coa melodía extraída do *Die Trauer-Gondel* de Liszt (1882) aos primeiros catro sons en *Die Toteninsel* de Rachmaninoff (1908). Estes materiais son fragmentados, atomizados e reensamblados -baixo a sombra de *Le Grand Macabre* de Ligeti (1977) e *Totentanz* de Adès (2013)- orixinando un novo material completamente volátil. Como un *décollage* mortuorio." Antón Alcalde

Gustav Mahler (1860-1911)

En 1907, Gustav Mahler dimite da Ópera da Corte de Viena polas súas discrepancias co Príncipe Alfred von Montenuovo, a campaña antisemita desenvolvida pola prensa e, posiblemente, impulsado pola oferta de Heinrich Conried para debutar no ano seguinte na Metropolitan Opera de Nova York. Así, no verán volve ao seu refuxio en Maiernigg onde tiña en mente abordar unha nova composición mais a maior das súas fillas cae gravemente enferma e falece, o que lle supuxo un durísimo golpe que agravou unha doenza cardíaca diagnosticada meses atrás e pola que os doutores desaconséllanlle realizar actividades fundamentais para el como nadar ou camiñar e aparta temporalmente afrontar a súa novena sinfonía. Ao seu regreso da primeira tempada americana, Mahler rexeita regresar a Maiernigg e aluga unha casa rural en Toblach, actualmente Dobbiacco, onde comporá ese mesmo ano unha singular sinfonía que finalmente chamará *A canción da Terra* (*Das Lied von der Erde*) inspirada na lectura duns antigos poemas chineses traducidos do francés polo alemán Hans Bethge, no seu traballo *A Fruta Chinesa* (*Die Chinesische Flöte*). Dada a lenda romántica referida ás novenas sinfonías, Mahler, como outros compositores, consideraba unha novena sinfonía como

o límite último e noutro senso, era moi consciente de que a novena sinfonía fora, dalgún xeito, o fin da produción sinfónica doutros colegas como Beethoven, Schubert, Bruckner ou Dvorák. Esas ideas sumadas ao seu estado nostáxico e á melancolía dos poemas levan a Mahler a adaptar algúns deses textos e compoñer un ciclo de cancións para tenor, contralto (ou barítono) e orquestra, *A canción da Terra*. Inicialmente, pensou titular a peza *A frauta de xade* e, máis tarde, *A canción da miseria terreal* elixindo sete dos poemas e unindo dous deles xunto con algunhas liñas propias na última das seis cancións do ciclo. *A canción da Terra* é un dos maiores logros musicais de Mahler, é música crepuscular e contraditoria, pois ao mesmo tempo, transmite gañas de vivir; un reflexo artístico do estado de ánimo e os pensamentos do compositor sobre a calidade pasaxeira da mocidade e a vida, a soidade e o amor polo viño e a natureza. Contradicións presentes na dicotomía entre o primeiro movemento, dominado pola música asociada ao verso “*Escura é a vida, é a morte*” e a última canción con sete repeticións da palabra *ewig*, que significa para sempre ou eternamente. Mahler non puido dirixir *A canción da Terra* e tras a súa morte en maio de 1911, o seu amigo e director de orquestra Bruno Walter, foi quen de revisala para estrearla xunto coa *Novena Sinfonía*. O propio

Walter escribe sobre a partitura: “A súa linguaxe é tan imponente e subxectiva, e tan difícil de comprender, como a das súas últimas sinfonías. N’A *canción da Terra* a apreciación faise un pouco máis difícil debido ás peculiares calidades dos poemas chineses [...] sen embargo, dálle *A canción da Terra* algúns toques sonoros de gran luminosidade, auténticas afirmacións vitais e cheas de enerxía [...] canta música dorida e fermosa naceu dos conflitos da túa atribulada alma!”.

As versións da música de Gustav Mahler para pequenos conxuntos remóntanse ao momento no que Arnold Schoenberg fundou a su *Verein für musikalische Privataufführungen* (Sociedade para Interpretacións Musicais Privadas) en Viena en 1918. Esta Sociedade tiña como obxectivo a interpretación de novas e innovadoras composicións, así como arranxos de música contemporánea descoñecida nunhas estritas condicións (só membros, sen aplausos e sen críticas). Naquela época, a música de Mahler cumpría os requisitos impostos por Schoenberg quen arranxou, xunto aos seus colegas da asociación, varias das súas obras pois presentaban unha orquestración solista e contrapuntística, que apuntaba cara ao mundo sonoro reducido de Berg, Webern e o propio Schoenberg cuxas instrumentacións estaban limitadas pola

falla de recursos económicos e non incluía ningún instrumento de metal, fagot, arpa ou timbais, pero si os instrumentos máis populares da época, o piano e o harmonio, para “encher os ocos”. Planeou un arranxo d’A *canción da Terra* para unha pequena orquestra de cámara pero, tras o cesamento das actividades da Sociedade polos problemas financeiros, a finais de 1921, abandonou o proxecto e non foi ata vinte anos despois cando Rainer Riehn, revisou os materiais e completou a transcripción. Segundo Iain Farrington, agora que a música de Mahler se interpreta e escoita amplamente, un novo arranxo de cámara pode parecer innecesario. Sen embargo, conservando o carácter do orixinal e tratando a cada intérprete como un solista, a escritura exposta e camerística de Mahler pode realizarse con éxito. Escoitar a claridade das liñas individuais pode revelar aspectos ocultos da partitura, engadindo intimidade á experiencia interpretativa e auditiva e permitindo que os solistas vocais (e o texto) se escoiten con claridade, sen os problemas de equilibrio fronte a unha grande orquestra. Para Farrington, este arranxo evita conscientemente recrear a instrumentación de Schoenberg, e no seu lugar crea un cadro orquestral completo con un plantel menor, utilizando unicamente os instrumentos da partitura de Mahler. Tenta capturar o timbre e o

equilibrio do orixinal, así como o espírito e a enerxía. A maior diferenza cunha versión de cámara é a redución das cordas fronte a sección de corda dunha grande orquestra sinfónica o que cambia completamente o carácter, a forza e o dominio das liñas de corda, especialmente cando se enfrontan aos ventos e os metais, facendo un certo reaxuste para que as texturas funcionen de forma natural e cada liña sexa clara e audible, acadando un efecto xeral atraente, conmovedor e emocionante, como a asombrosa partitura orixinal de Mahler.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 8 de abril, 20.00 h

AUGA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Camille Thomas, violoncello

A. Dvorák, Danza eslava, op. 72 núm. 2

F. Say, Ana Tanriça (Mother Goddess)*

A. Dvorák, Danza eslava, op. 72 núm. 3

F. Say, Never give up*

A. Dvorák, Danza eslava, op. 72 núm. 7

Xoves 22 de abril, 20.00 h

TEMPESTADE E CALMA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nodoka Okisawa, directora

G. Rossini, Temporale de A Cenerentola

F. J. Haydn, Sinfonía núm. 39 en sol menor
"Tempesta di Mare"

F. Mendelssohn, As Hébridias, op. 26

F. J. Haydn, Sinfonía núm. 59 en La maior
"Sinfonía do lume"

F. Mendelssohn, Mar calmo e viaxe prós-
pera

* Estrea en España

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

